

10.1. Introducción

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e os traballadores afectados polos mesmos, téñense en conta, fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, competente nesta materia; completados con aqueles nos que, a súa competencia, resérvase á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Así mesmo, hai que facer constar que a existencia de pacto refírese a aqueles casos en que se chegou a acordo cos representantes legais dos traballadores, non incluíndose, polo tanto, aqueles nos que, aínda existindo algún tipo de acordo, este non vincula á autoridade laboral.

É preciso resaltar que a Lei 11/1994, de 19 de maio (derogada parcialmente polo Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores -ET-), no contexto da reforma laboral, variou substancialmente a regulación destes expedientes nos artigos 45, 47, 49, 51, 52 e 53 do ET, afectando, fundamentalmente, ós seguintes aspectos: modifica-

ción das causas; establecemento dos límites a partir dos cales se considera despedimento colectivo; suspensión da vía administrativa e canalización a través da extinción do contrato por vías obxectivas cando non se chega a aqueles límites; etc.; variacións que se plasmaron no RDL 1/1995, do 24 de marzo, antes citado e, no caso concreto do artigo 52.c) efectuouse posteriormente nova redacción pola Lei 63/1997.

Estas variacións fan que se canalicen á vía xudicial posterior; extincións de contratos que antes requirían a autorización administrativa previa; e, por iso, toda comparación cuantitativa con anos anteriores levaría a conclusións erróneas polas razóns sinaladas, sobre todo, tendo en conta que, durante 1994, foron aplicádas-las normas anteriores e a nova regulación contemplada na reforma laboral.

Non obstante, e coas salvidades anteditas, é interesante o exame dos datos, xa que tódalas suspensións de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción; ou as derivadas de forza maior canalízanse por esta vía, así como as extincións nos, agora denominados, despedimentos colectivos.

Inclúese tamén neste capítulo o Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) por estar intimamente relacionado coa regulación de emprego.

10.2. Regulación de emprego

No primeiro cadro ofrécese, con datos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, unha visión xeral dos traballadores afectados en Galicia polos efectos dos expedientes de regulación de emprego en base á información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo, a Comunidade Autónoma ou as Áreas de Traballo e Asuntos Sociais dependendo da autoridade laboral á que compete a súa resolución. Examinando as cifras pode verse que o maior número de traballadores afectados é coa suspensión de contratos e fundamentalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra (cadro 10.1).

Traballadores afectados por efecto do expediente. Galicia 2001

■ Cadro 10.1

	Extinción	Suspensión	Reducción xornada	Total
A Coruña	504	2.095	0	2.599
Lugo	53	26	0	79
Ourense	55	42	0	97
Pontevedra	1.492	2.323	9	3.824
Galicia	2.104	4.486	9	6.599

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

No que se refire concretamente ós tramitados pola Comunidade Autónoma, no cadro de expedientes resoltos (cadro 10.2), a provincia de Pontevedra é a que maior número de traballadores afectados reflicte. Obsérvase, con carácter xeral, que é maior o número de expedientes que teñen acordo que os pactados, representando os primeiros o 70% do total.

■ Cadro 10.2

**Regulación de emprego. Total de expedientes resoltos.
Galicia. 2001**

	Total cadro de persoal	Total expedientes	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos	Total trab. afectados
A Coruña	2.457	315	40	263	3	9	2.030
Lugo	245	17	11	0	3	3	44
Ourense	158	11	11	0	0	0	70
Pontevedra	5.023	207	78	122	4	3	3.655
Galicia	7.883	550	140	385	10	15	5.799

Fonte: Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

No desglose dos expedientes pola medida autorizada (cadro 10.3), pode verse a afectación maioritaria de traballadores nos expedientes pactados, aínda que na suspensión de relacións laborais é maior o número dos afectados sen acordo.

■ Cadro 10.3

**Regulación de emprego. Expedientes resoltos segundo a medida autorizada.
Galicia. 2001**

1. Medida autorizada: suspensión das relacións laborais

	Total expedientes	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total traballadores	Total días afectados
A Coruña	290	34	324	256	1.577	1.901	15.244
Lugo	8	8	26	0	0	26	686
Ourense	9	9	42	0	0	42	864
Pontevedra	178	65	1.424	113	887	2.311	19.614
Galicia	485	116	1.816	369	2.464	4.280	36.408



2. Medida autorizada: redución de xornada

	Total exptes.	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total traballadores	Total días redución	Total horas redución
A Coruña	0	0	0	0	0	0	0	0
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	0
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	2	2	9	0	0	9	646	30
Galicia	2	2	9	0	0	9	646	30

3. Medida autorizada: rescisión de contratos

	Total exptes.	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total trab. rescisión
A Coruña	13	6	66	7	63	129
Lugo	3	3	18	0	0	18
Ourense	2	2	28	0	0	28
Pontevedra	20	11	1.113	9	222	1.335
Galicia	38	22	1.225	16	285	1.510

Fonte: Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais



10.3. Causas dos expedientes

No capítulo das causas dos expedientes (cadro 10.4), resalta a forza maior como a que dá lugar ó maior número de expedientes e traballadores afectados, maioritariamente na medida de suspensión de contratos. No que se refire á extinción, os problemas de tesourería ou financiamento, son a causa que a maior número de traballadores afecta.

■ Cadro 10.4

**Expedientes resoltos segundo a causa e os traballadores afectados.
Por provincias. Galicia. 2001⁽¹⁾**

		1	3	4	5	6	9	10	12	13	14	15	Total
A Coruña	Nº exptes. autorizados	0	0	10	1	0	269	1	18	0	4	0	303
	Trab. afectados	0	0	142	5	0	1.677	4	166	0	36	0	2.030
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	80	0	0	28	0	9	0	12	0	129
	Trab. suspensión	0	0	62	5	0	1.649	4	157	0	24	0	1.901
Lugo	Nº exptes. autorizados	0	0	0	1	0	2	0	4	1	1	2	11
	Trab. afectados	0	0	0	1	0	2	0	21	1	2	17	44
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	17	18
	Trab. suspensión	0	0	0	1	0	2	0	21	0	2	0	26
Ourense	Nº exptes. autorizados	1	0	3	0	0	4	3	0	0	0	0	11
	Trab. afectados	2	0	30	0	0	11	27	0	0	0	0	70
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	28	0	0	0	0	0	0	0	0	28
	Trab. suspensión	2	0	2	0	0	11	27	0	0	0	0	42
Pontevedra	Nº exptes. autorizados	0	1	18	0	5	118	0	42	10	6	0	200
	Trab. afectados	0	9	2.239	0	64	904	0	274	20	145	0	3.655
	Trab. reduc. xornada	0	0	7	0	0	0	0	0	0	2	0	9
	Trab. rescisión	0	9	1.289	0	0	37	0	0	0	0	0	1.335
	Trab. suspensión	0	0	943	0	64	867	0	274	20	143	0	2.311
C. Autónoma	Nº exptes. autorizados	1	1	31	2	5	393	4	64	11	11	2	525
	Trab. afectados	2	9	2.411	6	64	2.594	31	461	21	183	17	5.799
	Trab. reduc. xornada	0	0	7	0	0	0	0	0	0	2	0	9
	Trab. rescisión	0	9	1.397	0	0	65	0	9	1	12	17	1.510
	Trab. suspensión	2	0	1.007	6	64	2.529	31	452	20	169	0	4.280

(1) Explicación das causas:

1. Falta de produtividade
2. Empresas acollidas a Decretos de Reconversión
3. Quebra, suspensión de pagos, débeda
4. Problemas de tesourería ou financiamento
5. Ruínas ou obras de inmobles
6. Restricción da demanda ou consumo
7. Rescisión de contratos (subcontratistas)
8. Falta de materia prima
9. Forza maior

10. Aplicación medidas económicas

11. Reestructuración de empresas de sectores non afectados por Decretos de Reconversión
12. Técnicas e/ou tecnolóxicas
13. Organizativas
14. De produción
15. Outras

Fonte: Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

10.4. Actividades económicas afectadas

En xeral, a pesca é a actividade que segue provocando, con moita diferenza, o maior número de expedientes e, en relación directa, afecta a máis traballadores (cadro 10.5), o que dá idea da súa conexión coa forza maior examinada nas causas e en relación cos problemas que atravesará este sector.

■ Cadro 10.5

Actividades económicas: expedientes e traballadores.
Por provincias. Galicia. 2001

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.
1	Agricultura, gandería, caza e servs. relacionados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
2	Silvicultura, explot. forestais e servs. relacionados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
5	Pesca, acuicultura e servs. relacionados	279	1.804	7	39	0	0	154	1.035	440	2.878
10	Extr. e aglom. antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
11	Extr. petróleo e gas natural e servs. relacionados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
12	Extraccións minerais de uranio e torio	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
13	Extraccións minerais metálicos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
14	Extr. minerais non metálicos nin enerxéticos	0	0	0	0	1	6	0	0	1	6
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	1	15	0	0	0	0	15	85	16	100
16	Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
17	Industria téxtil	0	0	0	0	0	0	4	45	4	45
18	Industria da confección e peletería	2	13	0	0	2	10	0	0	4	23
19	Industria do coiro e do calzado	0	0	1	2	0	0	1	7	2	9
20	Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	0	0	0	0	0	0	2	45	2	45
21	Industria do papel	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
22	Edic. artes gráfs. e reprod. soportes gravados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
23	Coquerías, refino petróil., e trat. comb. nucleares	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
24	Industria química	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
25	Fabr. produtos caucho e materias plásticas	0	0	0	0	1	20	1	151	2	171
26	Fabr. doutros produtos minerais non metálicos	2	12	0	0	0	0	7	1.731	9	1.743
27	Metalurxia	0	0	0	0	0	0	1	15	1	15
28	Fabr. prods. metáls., agás maquirar. e equipo	0	0	0	0	1	1	2	339	3	340
29	Inds. construc. maquinaria e equipo mecánico	0	0	0	0	0	0	2	131	2	131
30	Fabr. máquinas oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
32	Fabr. mater. electrón., radio, TV e comunicacións	1	12	0	0	0	0	0	0	1	12
33	Fabr. eq. e instr. cirúrx. prec., ópt. e relojería	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
34	Fabr. vehícs. motor, remolques e semiremolques	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
35	Fabricación doutro material de transporte	2	69	0	0	0	0	0	0	2	69
36	Fabr. mobles; outras indus. manufactureiras	1	1	0	0	0	0	0	0	1	1
37	Reciclaxe	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
40	Prod. e distr. en. electr., gas, vapor e auga quente	0	0	1	1	0	0	0	0	1	1
41	Captación, depuración e distribución de auga	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
45	Construcción	5	49	0	0	2	3	0	0	7	52
50	Venda, rep. vehíc. motor, venda miúdo comb.	1	11	0	0	1	3	1	3	3	17
51	Com. por xunto e interm., agás vehíc. motor	0	0	0	0	1	1	1	1	2	2
52	Com. miúdo, agás vehíc. motor, repar. domés.	3	5	2	2	0	0	2	11	7	18
55	Hostalería	6	39	0	0	1	10	0	0	7	49
60	Transporte terrestre: transporte por tubos	0	0	0	0	1	16	0	0	1	16
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e interior	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
62	Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
63	Activs. anexas ós transportes: axencias de viaxes	0	0	0	0	0	0	1	3	1	3
64	Correos e telecomunicacións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
65	Interm. financ., agás seguros e plans pensións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
66	Seguros e plans pensións, agás S.S. obrigatoria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
67	Activs. auxiliares e intermediación financeira	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
70	Actividades inmobiliarias	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
71	Alugueiro de maquin. e equipo sen operario	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
72	Actividades informáticas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
73	Investigación e desenvolvemento	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
74	Outras actividades empresariais	0	0	0	0	0	0	1	4	1	4
75	Admón. Pública, Defensa e S.S. obrigatoria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
80	Educación	0	0	0	0	0	0	3	32	3	32
85	Activs. sanitarias e veterinarias, servs. sociais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
90	Actividades de saneamento público	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
91	Actividades asociativas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
92	Activs. recreativas, culturais e deportivas	0	0	0	0	0	0	1	10	1	10
93	Actividades diversas de servs. persoais	0	0	0	0	0	0	1	7	1	7
95	Fogares que empregan persoal doméstico	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
99	Organismos extrateritoriais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total		303	2.030	11	44	11	70	200	3.655	525	5.799

10.5. Evolución experimentada



As consideracións apuntadas ó comezo deste capítulo impiden extraer conclusións na evolución dos expedientes de regulación de emprego dada a variación normativa, aínda que unha observación simple dos últimos anos (cadro 10.6), sen entrar na súa análise, reflicte un claro descenso en relación cos inmediatamente anteriores, tanto no número de expedientes como nos traballadores afectados por eles.

Evolución dos expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores afectados. Galicia. 1990-2001

■ Cadro 10.6

	Nº expedientes	Traballadores afectados
1990	852	31.992
1991	978	28.370
1992	1.007	26.019
1993	1.312	43.968
1994	1.006	20.995
1995	943	27.260
1996	588	10.030
1997	543	8.005
1998	508	7.900
1999	642	8.247
2000	453	7.505
2001	608	6.599

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais



10.6. O Fondo de Garantía Salarial

O FOGASA creouse polo Real Decreto 317/1977, do 4 de marzo; en esencia, as súas finalidades e contido enúncianse no artigo 33 do RDL 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do ET.

As prestacións económicas realizadas por este organismo teñen, fundamentalmente, dúas finalidades:

■ Garantir ós traballadores por conta allea o percibo dos salarios e indemnizacións pendentes de pago como consecuencia dos desequilibrios patrimoniais das empresas, nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores. Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza ou resolución da autoridade laboral, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación ou sentenza de recoñecemento, nos supostos de salarios.

■ Aboa-lo 40% das indemnizacións legais que correspondan ós traballadores derivadas de despedimento colectivo ou despedimento por causas obxectivas nas empresas de menos de 25 traballadores, segundo se establece no artigo 33.8 do ET.

Os datos e cadros que se acompañan obtéñense da estatística que elabora o FOGASA.

En prestacións “por insolvencia” inclúese o importe das indemnizacións e salarios pendentes de pago, motivados por declaración de insolvencia das empresas, suspensión de pagos, quebra, concurso de acredores e forza maior; así como os salarios de tramitación acordados pola xurisdicción competente. As cantidades máximas a aboar son, en salarios, as que resultan de multiplica-lo duplo do salario mínimo interprofesional diario, sen pagas extras, polo número de días pendentes de pago, cun máximo de 120 días. En tanto que en indemnizacións, o máximo a aboar é dunha anualidade do mesmo importe diario referido.

En prestacións “por regulación” recollen, unicamente, os supostos derivados do artigo 33.8 do ET, é dicir, indemnizacións correspondentes ó 40% da indemnización legal que corresponda ós traballadores de empresas de menos de 25 traballadores, nos casos de despedimento colectivo e despedimento por causas obxectivas derivadas da necesidade de amortizar postos de traballo, fundada en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción; en ámbolos dous supostos, o FOGASA faise cargo de ditas prestacións sen necesidade de insolvencia das empresas. O resto das prestacións pagadas polo Fondo, derivadas de despedimento colectivo ou despedimento por causas obxectivas, en empresas de máis de 25 traballadores, inclúense no apartado “por insolvencia”.

Os datos dos cadros 10.7 e 10.9 permítenos observar que o importe total das prestacións económicas, aboadas en 2001 para Galicia, foi de 9536,1 miles de euros (en 2000, 2151 millóns de pesetas), o que representa un 4,43% do total nominal de España (12.927,6 miles de euros). De tales importes económicos, o 91,33%, ten a súa causa na insolvencia empresarial, en tanto que un 8,67% teñen a súa orixe na regulación de emprego. Do total das prestacións acordadas en Galicia, por insolvencia 8.708,9 miles de euros, o 57,44% serviron para aboar salarios debidos e garantidos, en tanto que o 42,56% do aboado, o foi para indemnizacións.

■ Cadro 10.7

**Importe das prestacións acordadas polo FOGASA. Por provincias.
Galicia/España. 1999-2001**


	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2000
A Coruña	5.830,9	3.492,8	-2.059,1	958,2	-2.338,1	29,7	19,7	-40,1
Lugo	794,1	1.154,3	-1.759,2	-708,9	360,2	53,9	47,2	45,4
Ourense	1.045,5	666,7	-1.343,9	-563,9	-378,8	45,5	35,0	-36,2
Pontevedra	5.257,1	4.222,3	6.185,0	-8.050,5	-1.034,8	86,8	60,5	-19,7
Galicia	12.927,6	9.536,1	1.022,8	-8.365,1	-3.391,5	5,0	-39,3	-26,2
España	228.822,3	214.843,5	148.553,4	102.416,7	13.978,7	31,0	30,9	-6,1

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.
Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos valores absolutos dos importes das prestacións



O cadro 10.8 infórmanos, así mesmo, do número de empresas afectadas e de traballadores beneficiarios do Fondo. En 2001, o número de empresas foron 1.187 (en 2000, 1.389) e o número de traballadores 3.793 (en 2000, 4.009).


■ Cadro 10.8

Empresas afectadas e traballadores beneficiarios do FOGASA. Pola causa da prestación e provincias. Galicia/España. 2000-2001


	Total				Por involucencia				Por regulación			
	Empresas		Traballadores		Empresas		Traballadores		Empresas		Traballadores	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
A Coruña	608	464	1.787	1.128	487	357	1.482	936	121	107	305	192
Lugo	155	162	264	341	123	136	216	300	32	26	48	41
Ourense	181	164	356	302	147	118	305	233	34	46	51	69
Pontevedra	445	397	1.602	2.022	402	354	1.512	1.920	43	43	90	102
Galicia	1.389	1.187	4.009	3.793	1.159	965	3.515	3.389	230	222	494	404
España	27.626	25.021	76.827	70.237	20.412	18.085	62.093	55.916	7.214	6.936	14.734	14.321

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos traballadores beneficiarios



Evolución das empresas afectadas



■ Cadro 10.9

Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Pola causa e provincias. Galicia / España 2001.

	Total	Prestacións por insolvencia			Prestacións por regulación
		Subtotal	Salarios	Indemnizacións	
A Coruña	3.492,8	3.095,6	1.532,1	1.563,5	397,2
Lugo	1.154,3	1.078,9	472,5	606,4	75,4
Ourense	666,7	555,4	306,0	249,4	111,3
Pontevedra	4.222,3	3.979,0	2.691,7	1.287,3	243,3
Galicia	9.536,1	8.708,9	5.002,3	3.706,6	827,2
España	214.843,5	189.662,5	86.653,0	103.009,5	25.181,0

Datos en miles de euros

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.

Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Os cadros que seguen, informan con maior detalle doutros indicadores desagregados (cadros 10.10 e 10.11).

■ Cadro 10.10

Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA. Por insolvencia e provincias.
Galicia/España. 2000-2001

	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
A Coruña	5.292,1	3.095,6	-1.668,8	818,4	-2.196,5	-27,2	18,3	-41,5
Lugo	687,4	1.078,9	-1.640,7	-755,4	391,5	-53,2	-52,4	57,0
Ourense	934,2	555,4	-1.142,2	-509,1	-378,8	-44,2	-35,3	-40,5
Pontevedra	5.022,6	3.979,0	6.296,0	-8.014,2	-1.043,6	93,4	-61,5	-20,8
Galicia	11.936,3	8.708,9	1.844,3	-8.460,3	-3.227,4	9,9	-41,5	-27,0
España	201.450,7	189.662,5	-132.804,9	-98.640,4	-11.788,1	-30,7	-32,9	-5,9


(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.

Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos valores absolutos. 2000-2001



■ **Cadro 10.11** **Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA. Por regulación e provincias. Galicia/España. 2000-2001**

	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre o ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
A Coruña	538,8	397,2	-390,0	139,8	-141,6	-49,4	35,0	-26,3
Lugo	106,7	75,4	-118,3	46,5	-31,3	-66,3	77,2	-29,3
Ourense	111,4	111,3	-201,7	-54,7	-0,1	-54,8	-32,9	-0,1
Pontevedra	234,4	243,3	-111,1	-18,5	8,9	-29,1	-13,4	3,8
Galicia	991,3	827,2	-821,1	113,1	-164,1	-47,8	10,6	-16,6
España	27.371,6	25.181,0	-15.748,5	-3.776,3	-2.190,6	-33,6	-12,1	-8,0

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.
Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais